

Texto expositivo

1. ESTRUCTURA E PROCEDEMENTOS EXPLICATIVOS

Introdución → Preséntase ou explícase a importancia.	Desenvolvemento → Con recursos	Clasificación (ordénase a información; <i>por un lado, por outro, hai tres X: a) + b) + c)...</i>) Definición (describense termos ou trazos; expresións: <i>refírese a, denomínase...</i>) Exemplificación (concrétase, ofrécense exemplos; <i>por exemplo, como...</i>) Reformulación (aclárase, dise con outras palabras; <i>é dicir, isto é...</i>)	Conclusión → Resúmese, conclúese ou avalíase.
--	---------------------------------------	---	---

Por primeira vez na historia, en maio de 1840 entraron en circulación en Inglaterra as estampas ou selos postais. Desde ese momento, toda persoa que quixese enviar unha carta debía pegar no sobre unha estampa que tiña un determinado valor; dese xeito pagaba o servizo que lle prestaban ao levar a súa mensaxe a mans do destinatario. Aíña empezarán a circular en serie en case todos os países do mundo e, ao tempo, comezaba a desenvolverse a filatelia, nome que se dá á afección de coñecer e coleccionar selos.

Cóñecense varios sistemas para coleccionar selos, pero os principais e máis sinxelos son dous: por países e mais por temas.

- A colección por países pode realizarse elixindo un país determinado ou varios.
- A colección por temas consiste en xuntar o maior número de selos provenientes de distintos lugares sobre un tema determinado; como: personalidades, bandeiras, barcos, edificios, escudos, paxaros, flores, etc.

É preciso indicar que o coleccionista terá que contar cun álbum e que debe realizar con coidado o traballo de extracción do selo, lavado, secado, clasificación e pegado.

2. ESQUEMAS principais

	Como é	Exemplo
Descritivo (Enumeración)	Diferentes elementos / características dun sistema, organismo... Pode seguir unha orde espacial. el. 1 ----- el. 2 ----- el. 3 -----	Hai moitas situacións que levan unha persoa ou grupo a emigrar. Entre elas están as condicións políticas adversas, como as que se dan nos réximes ditatoriais. Tamén é importante a precariedade económica e a procura dunhas condicións de vida dignas.
Secuencial (Narración)	Sucesivos momentos dun fenómeno, proceso, etc. Orde fundamentalmente temporal. 1 > 2 > 3 > 4....	O valo de Melilla comezou a construírse en 1998 . Ao comezo era un só valado, mais despois situáronse dous paralelos de 3 metros de altura. En 2005 eleváronse ata os 6 metros e instaláronse arames con coitelas. En 2013...
Comparativo (Semellanza - Contraste)	Semellanzas e/ou diferenzas entre feitos, situacións... Márcanse con expresións como <i>tal como, en cambio, polo contrario...</i> A --- B a1 - b1 a2 - b2	Migrantes e refuxiados poden empregar as mesmas rutas e medios de transporte. pero responden a motivacións ben distintas . Os migrantes elixen desprazarse para mellorar as súas vidas. En cambio , os refuxiados teñen que saír da súa terra para poñer a salvo as súas vidas ou preservar a liberdade.